

A TRAMA FENICIA

Wes Anderson, 2025

1529

ESTREA EN NUMAX: 30.06.2025 | V.O.S.E. | 101 min

Zsa-zsa Korda, un rico empresario europeo, vese envolto nunha enguedellada trama de espionaxe acompañado da súa filla Liesl, unha monxa coa que non ten unha boa relación. Xunto a un grupo de personaxes peculiares, ambos deben tomar decisións moralmente ambiguas.

«Wes Anderson deleita co seu novo xoguete sobre familia, fe e negocios. Unha gorentosa aventura que posúe o encanto dos seus bos filmes»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



O mellor Wes Anderson está de volta

Por Nando Salvà

Nos últimos anos, a medida que se confirmaba como o cineasta co que todo Hollywood quere traballar —existe outro director máis capaz que el de converter as súas películas en pasarelas para celebridades?—, Wes Anderson foi penetrando cada vez máis no corazón do seu propio universo, ese lugar que empezou a edificar en *Academia Rushmore* (1998) e sobre todo n'*Os Tenenbaums* (2001) —chamémolo Andersonia, ou quizá Wesville— onde imperan as demarcacións precisas de espazo e cor, as composicións meticulosísimas, os personaxes hieráticos que declaman diálogos estilizados e os obxectos do pasado reconvertidos en reliquias pop, e que nas súas últimas películas adquiriu a densidade suficiente para deixar os seus visitantes algo perdidos e mesmo esgotados. Nese sentido, é importante deixar claro desde o principio que a ficción que Anderson presentou a concurso no Festival de Cannes é case minimalista se se compara coas dúas inmediatamente anteriores da súa filmografía, *A crónica francesa* (2021) e *Asteroid City* (2023), tan sobrepoboadas de ornamentación visual e estrutural que moitos só nos sentimos capaces de admiralas desde a distancia, porque non atopamos oco para entrar nelas.

O protagonista d'*A trama fenicia* é o desapiadado magnate internacional Zsa-Zsa Korda (Benicio del Toro), que ao principio da película, tras saír airoso por sexta vez na súa vida dun accidente aéreo sen dúbida provocado, designa a súa filla, unha monxa, como a única herdeira do seu patrimonio. Conta o propio Anderson que é un personaxe que modelou a partir do seu defunto sogro, un enxeñeiro libanés que impulsaba proxectos por todo o mundo e de escuras figuras empresariais do século XX como o magnate naviero Aristóteles Onassis e o empresario armenio Calouste Gulbenkian, que axudaba a empresas occidentais a explotar as rexións produtoras de petróleo de Oriente Medio. Ao longo da película, Korda e a súa filla voan dun país a outro para renegociar acordos cos socios comerciais del, e namentres Anderson, sen saír de Wesville, nos convida a acordarnos dos métodos dos autócratas que gobernan o noso mundo. Calquera que permanecese atento á súa carreira entenderá que non é a primeira vez que o texano usa o seu cinema para facerse eco de aspectos problemáticos da realidade contemporánea: a través tanto d'*O Gran Hotel Budapest* (2014) como da alegoría animada *Illa de cans* (2018), lanzou advertencias sobre o auxo do autoritarismo que resultaron ser proféticas.

E mentres acompaña a Korda nunha viaxe a través da que o empresario vai comprendendo o dano causado pola súa avaricia, as súas artimañas, a súa paranoia, o seu desprezo pola súa familia e a súa actitude arrogante fronte o sufrimento alleo, Anderson volve ensaiar o tipo de comedia na que se especializou durante a última década, matizada a base de terror existencial e cuberta pola alongada sombra da morte —varias escenas d'*A trama fenicia*, de feito, transcorren nunha versión do Máis aló probablemente inspirada tanto no cinema de Buñuel como no de Michael Powell—; poida que, namentres, a película non transmita o tipo de melancolía irresistible de obras previas do seu autor como *Moonrise Kingdom* (2012) e *O Gran Hotel Budapest* (2014) pero, en boa medida porque os seus personaxes non son meros maniquís deseñados para exhibir os caprichos estilísticos do seu creador, é a mellor película xurdida de Andersonia no que levamos de década.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El Gran Hotel Wes
Anderson,
Nuria Díaz.
Lunwerg

El cine de Wes Anderson
Rubén de la Prida .
Comares